

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 2 DE DECEMBRO DE 2016,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

PROXECTOS DE LEI

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017
- Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas.

DECRETOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se nomea secretaria xeral para o Deporte a Marta Míguez Telle

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Decreto polo que se nomea directora da Axencia Galega de Innovación (GAIN) a Patricia Argerey Vilar

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Decreto polo que se dispón o cesamento de Coro Piñeiro Vázquez como directora xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade.
- Decreto polo que se nomea directora xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade a Fabiola García Martínez.

A XUNTA APROBA UN ORZAMENTO PARA 2017 DE 9 063 MILLÓNS DE EUROS CO OBXECTIVO DE REFORZAR O GASTO SOCIAL, IMPULSAR OS INVESTIMENTOS E CONSOLIDAR O CRECEMENTO SAN

- *Os orzamentos medran un 2,9%, esgotan o teito de gasto e superan os 9 000 millóns por primeira vez desde o ano 2011*
- *Consóldase a maior rebaixa fiscal da historia da Autonomía e inclúense novas baixadas selectivas de impostos*
- *O gasto social increméntase en 229 millóns de euros, cun aumento de máis de 160 millóns en Sanidade e Educación*
- *O investimento medra un 4%, por riba da media e o gasto da débeda baixa un 13%*
- *Elimínanse os impostos para os mozos, familias numerosas e discapacitados que merquen unha vivenda para vivir no rural*
- *A Xunta vai retomar en 2017 o complemento específico nas pagas extras dos empregados públicos, un ano antes do previsto*
- *O Goberno galego prevé que a economía galega medre en torno ao 2,5% e que a taxa de desemprego baixará dous puntos, ata o 15,6%*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Proxecto de lei de orzamentos da Comunidade autónoma para o 2017, que establece un gasto de 9 063 millóns de euros, o que supón esgotar o teito de gasto aprobado polo Parlamento galego. A Xunta incrementa así o seu gasto en 259 millóns respecto ao ano anterior, aos que se suman preto de 40 millóns máis de capacidade pola baixada dos xuros da débeda, o que permitirá reforzar o gasto social, impulsar os investimentos e consolidar o crecemento san.

Os orzamentos do vindeiro ano conforman os segundos presupostos expansivos consecutivos, posto que Galicia contará cun aumento de gasto do 2,9% superior ao gasto previsto nos orzamentos vixentes. De xeito que a Comunidade Autónoma superará o límite dos 9 000 millóns por primeira vez desde o ano 2011. A Xunta destinará o vindeiro ano 9 045 millóns en gasto non financeiro e outros 18 millóns en instrumentos financeiros para pemes e para potenciar a I+D.

O pago de xuros de débeda baixa un 13%, o que supón un aforro para a Xunta de 36,3 millóns respecto a 2016 e de case 120 millóns de euros nos últimos tres anos. Neste sentido, o obxectivo do Executivo galego é seguir reducindo a ratio débeda/PIB no 2017 ata situala no contorno do 18,8%, polo que Galicia continuará entre as comunidades con menor endebedamento de España.

Máis investimentos e competitividade

Os orzamentos para 2017 inclúen un reforzo do capítulo investidor que medra case un 4%, por riba do presuposto. No 2017 a Xunta dedicará 1 472 millóns de euros a

gastos de capital, 54 millóns máis que este ano para que Galicia siga sendo a comunidade autónoma que máis recursos dedica ao esforzo investidor.

Ademais, o orzamento do vindeiro ano volverá priorizar a aposta pola competitividade e a innovación. Así, reforzaranse os recursos para I+D+i con case 90 millóns de euros; destinaranse case 20 millóns á aposta polos instrumentos financeiros innovadores, mentres que as partidas destinadas á modernización e á internacionalización das empresas medrarán máis dun 11%.

Sanidade e Educación

No eido sanitario a Xunta disporá de 100 millóns máis, que permitirán reforzar unha sanidade pública e de calidade. Destacan os 20 millóns destinados aos plans directores da Coruña, Ourense e o Hospital da Costa ou Arquitecto Marcide ou a partida de 5 millóns de euros para a nova Facultade de Medicina.

En canto ao ámbito educativo, incorporaranse 200 profesores máis para o desdobramento de 3º e 4º da ESO, mentres que a dotación para infraestruturas educativas medra en 6 millóns; e as partidas para transporte, comedores escolares e adquisición de material escolar contará con 4 millóns máis.

Gasto social e emprego continúan como prioridades

Unha das prioridades da Xunta no 2017 seguirá sendo o gasto social, que se incrementa en 229 millóns de euros, dos que 165 irán destinados a sanidade e educación. Isto permitirá seguir dedicando case 8 de cada 10 euros a gasto social.

De igual forma mantense o impulso ás políticas sociais para chegar a máis galegos e sobre todo aos que máis o necesitan. Destinaranse ata 161 millóns de euros ao programa de prestacións ás familias, un 40% máis que no 2015. Medran tamén un 4,3% os recursos para atender á dependencia, máis que a media do orzamentos ata superar os 338 millóns. Ademais, elévase en 5 millóns a partida destinada á Renda de Integración Social (Risga); e un 1,3 millóns de euros os recursos para as vítimas de violencia de xénero.

Tamén entre as prioridades da Xunta seguirá estando a creación de emprego e a mellora do mercado laboral galego. Para iso, o Goberno galego reforzará as principais partidas relacionadas co emprego co obxectivo de crear ata 20 000 postos de traballo o vindeiro ano. Dedicaranse 12,6 millóns para información, orientación e busca de emprego e aumentan máis dun 12%, ata os 80 millóns, os recursos para a formación de persoas desempregadas.

Sector primario: o rural como prioridade

Durante a súa intervención, o conselleiro de Facenda sinalou que o compromiso da Xunta é que esta lexislatura sexa a do medio rural, para o que se incrementan nun 21% os recursos para infraestruturas relacionadas co desenvolvemento e adaptación da agricultura e silvicultura, ata chegar aos 27 millóns. Aumentan en case 7 millóns de euros as partidas para procesado, comercio e desenvolvemento de produtos agrícolas para o que se destinarán 21 millóns de euros.

E tamén se inclúe un pulo aos sectores produtivos dentro do sector marítimo, 15 millóns para transformación dos produtos da pesca; 24 para o fomento e modernización da acuicultura; e 2,7 millóns para a mellora das zonas de produción.

Consolidación e novas rebaixas selectiva de impostos

Ademais do Proxecto de lei de orzamentos para 2017, o Goberno galego tamén aprobou o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas, no que se inclúen novas baixadas selectivas de impostos e se consolidan as xa aprobadas no vixente exercicio no IRPF –que beneficia ao 98,5% dos contribuíntes-, no imposto sobre sucesións -que supón que o 99% dos galegos non pagan este imposto cando reciben unha herdanza dun familiar directo- e no programa de impostos cero no rural, que beneficiará este ano a uns 68 000 galegos.

A isto engádense as novas rebaixas selectivas de impostos que o Goberno galego vai levar a cabo no medio rural. Así, vanse eliminar os impostos para os mozos, familias numerosas e persoas con discapacidade que merquen unha vivenda para vivir nunha área rural. É dicir, eliminaranse os impostos para estes colectivos no 87% do territorio galego, co obxectivo de fixar poboación no medio rural e dinamizar as zonas menos poboadas. Ademais, no 2017 levarase a cabo un plan de loita contra a fraude fiscal para ingresar arredor de 20 millóns.

Empregados públicos

No vindeiro ano a Xunta vai retomar o complemento específico nas pagas extras dos empregados públicos. O Executivo autonómico cumpre así o compromiso acordado coas organizacións sindicais e adiantase un ano á previsión inicial, que era facelo no ano 2018. Neste contexto, o titular de Facenda explicou que con esta medida quedan cancelados os axustes salariais autonómicos de carácter xeral.

O Goberno autonómico incrementará en 2017 o esforzo no financiamento da Administración local ata acadar os 120 millóns de euros a través do Fondo de Cooperación Local, 4 millóns máis que no exercicio vixente. En canto ás universidades, a Xunta vai manter e reforzar o seu compromiso e o vindeiro ano destinaranse 404 millóns, 12 máis que neste ano.

Previsións macroeconómicas

O Proxecto de lei de orzamentos para 2017 chega nun momento de consolidación económica xa que o crecemento do PIB galego é o mellor dos últimos 8 anos, tanto en taxa intertrimestral, cun avance do 0,9% no terceiro trimestre do ano, como en taxa interanual, cun crecemento do 3,3%. A previsión da Xunta é acadar no 2017 un crecemento do PIB galego próximo ao 2,5%, o que significará que Galicia encadeará catro anos consecutivos con taxas positivas de crecemento. Isto producirase polo mellor comportamento da economía galega no último trimestre do ano e polas previsións de mellora da economía española.

A taxa de desemprego seguirá baixando ata o 15,6%, dous puntos menos que o ano anterior e tamén 2,2 puntos inferior á media española. Este cadro macroeconómico é coherente coa senda do Plan estratéxico de Galicia, e con estas estimacións a media de incremento do PIB no período 2016-2017 estará no 2,8%, tres décimas superior ao previsto no Plan estratéxico de Galicia.

Logo da súa aprobación hoxe no Consello da Xunta, o proxecto de Lei de Orzamentos da Comunidade autónoma para o 2017 será remitido á Cámara galega para a súa tramitación parlamentaria, ao igual que o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas.

O CONSELLO DA XUNTA NOMEA A MARTA MÍGUEZ TELLE SECRETARIA XERAL PARA O DEPORTE

- *Marta Míguez Telle é licenciada en Educación Física e conta con dous másters e diversos cursos e seminarios sobre deporte*
- *Foi xerente e posteriormente coordinadora do Consello Municipal de Deportes do Concello de Ourense*
- *Conta cunha longa traxectoria como deportista profesional chegando a proclamarse campioa de España absoluta de lanzamento de xavelina en varias ocasións e participando en encontros internacionais como os Xogos Olímpicos*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o decreto polo que se nomea a Marta Míguez Telle como secretaria xeral para o Deporte.

Marta Míguez Telle é licenciada en Educación Física pola Universidade da Coruña, conta cun máster en Dirección e Xestión de Entidades Deportivas e outro en Xestión Empresarial do Deporte, así como con diversos cursos e seminarios sobre a materia.

Desempeñou o cargo de xerente do Consello Municipal de Deportes do Concello de Ourense desde novembro de 2002 ata maio de 2007, data na que comezou a exercer como coordinadora deste organismo ata a actualidade.

Conta cunha longa traxectoria como deportista profesional pola que recibiu numerosas distincións, chegando a proclamarse campioa de España absoluta de lanzamento de xavelina en varias ocasións. Tamén participou en destacados encontros internacionais como os Xogos Olímpicos de Sidney no ano 2000, a Copa do Mundo de Madrid en 2002 ou os Xogos Iberoamericanos de Guatemala, tamén en 2002.

O CONSELLO DA XUNTA NOMEA A PATRICIA ARGEREY VILAR DIRECTORA DA AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN

- *Doutora en Ciencias Económicas e Empresariais pola Universidade Complutense de Madrid, ocupaba desde xaneiro de 2013 o cargo de xefa de gabinete do conselleiro de Economía, Emprego e Industria*
- *Con anterioridade, foi asesora do presidente da Xunta desde setembro de 2009, profesora na Universidade Complutense, secretaria xeral do Instituto de Estudos Europeos da Universidade CEU San Pablo así como coordinadora de proxectos de I+D na mesma institución*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o decreto que nomea a Patricia Argerey Vilar como nova directora da Axencia Galega de Innovación (GAIN).

Argerey Vilar, nada en Lugo en 1977, é doutora en Ciencias Económicas e Empresariais pola Universidade Complutense de Madrid e conta cun máster en Estudos Políticos Aplicados pola Fundación Internacional y para Iberoamérica de Administración y Políticas Públicas.

Ocupaba desde xaneiro de 2013 o cargo de xefa de gabinete do Conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde, onde chegara despois do seu labor como asesora do presidente da Xunta de Galicia desde o ano 2009.

Con anterioridade foi profesora na Universidade Complutense de Madrid e secretaria xeral e coordinadora de proxectos de I+D do Instituto de Estudos Europeos da Universidade CEU San Pablo, onde exerceu tamén a docencia.

A XUNTA DE GALICIA NOMEA A FABIOLA GARCÍA MARTÍNEZ NOVA DIRECTORA XERAL DE MAIORES E PERSOAS CON DISCAPACIDADE

- *É natural do municipio coruñés de Ribeira, onde é actualmente primeira tenente de alcalde, e ten 31 anos*
- *Licenciada en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela e máster en Dereito Empresarial polo Centro de Estudos Garrigues*
- *Ten experiencia na Xunta de Galicia, onde traballou nos gabinetes das consellerías de Facenda, Economía e Industria e Vicepresidencia e no sector privado, no departamento de dereito fiscal do despacho de avogados DLA PIPER*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o nomeamento de Fabiola García Martínez como directora xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade en substitución de Coro Piñeiro Vázquez, que cesa no cargo a petición propia e á que se lle agradece o traballo que realizou ao longo de varios anos ao fronte desta Dirección Xeral.

García Martínez, de 31 anos de idade e natural de Ribeira, é licenciada en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela (USC), máster en Dereito Empresarial polo Centro de Estudos Garrigues e diploma en English for Academic Purposes (EAP) pola University College London.

Dende xuño de 2015 é primeira tenente alcalde do Concello de Ribeira e concelleira de Administración, Transparencia, Atención e Participación Cidadá, así como de Promoción e Dinamización Económica e Cultural. Ademais, e antes de formar parte da corporación municipal ribeirense, tivo experiencia na Xunta de Galicia desde xuño de 2009. Primeiro como asesora parlamentaria da Consellería de Facenda e, posteriormente, nos gabinetes da Consellería de Economía e Industria e da Vicepresidencia. Con anterioridade, Fabiola García tamén traballou no sector privado. Concretamente no departamento de dereito fiscal da firma de avogados DLA PIPER.